

O movemento da inclusión xorde a finais do século pasado coa finalidade de combater as situacións de exclusión nas que estaban a ser escolarizados numerosos alumnos con necesidades educativas especiais, a pesar da posta en marcha da integración escolar. Esta circunstancia esixe unha nova formulación do concepto de necesidades educativas especiais, e a necesidade de recoñecer que as dificultades que experimentan algúns alumnos no sistema educativo, son o resultado de determinados enfoques organizativos e formas de ensinar que se levan a cabo nos centros.

# Educación inclusiva, educación para todos

**Pilar Arnaiz Sánchez**  
Universidade de Murcia  
parnaiz@um.es

## Palabras clave

Inclusión, educación inclusiva, educación para todos, diversidade, dificultades de aprendizaxe, necesidades educativas especiais, Educación Especial.

O interese actual pola educación inclusiva suscitou a revisión de numerosos sistemas educativos, nun intento de posibilitar que a educación chegase a todos en contextos non segregados. Con este fin fomentouse o nacemento e a defensa da denominada educación inclusiva, que cuestiona o pensamento existente sobre as necesidades educativas especiais, e establece unha forte crítica cara ás prácticas da educación xeral.

A educación inclusiva adquire a súa carta de identidade na Declaración de Salamanca (1994), na que se establece a necesidade e a urxencia de que o ensino chegue a todos os nenos, mozos e

adultos con necesidades educativas especiais no marco da escola ordinaria.

O movemento da inclusión foi estendéndose pouco a pouco á educación regular, configurándose como un enfoque educativo que pode axudar ao desenvolvemento da educación no século XXI (Delors, 1996).

Estamos ante un proceso cuxo principal obxectivo é a educación para todos, e cuxas propostas van dirixidas a dar as respostas apropiadas a un amplo espectro de necesidades de aprendizaxe, tanto na educación formal como non formal. A inclusión busca a maneira de transformar os sistemas educativos co



obxectivo de responder á diversidade do alumnado, proceso no que toda a sociedade está comprometida.

### Que é a educación inclusiva?

Durante unha boa parte do século XX, a Educación Especial constituíu un sistema educativo diferenciado da educación regular, que rexou o funcionamento dos centros de Educación Especial, a resposta educativa e o apoio aos alumnos que

**A inclusión busca a maneira de transformar os sistemas educativos para responder á diversidade do alumnado, proceso no que toda a sociedade está comprometida**

asistían ás aulas de Educación Especial existentes nas escolas regulares.

A chegada da integración escolar promoveu en diferentes países, entre eles España (LOXSE, 1990), a unificación do sistema educativo ordinario e o especial e, daquela, a escolarización do alumnado con necesidades educativas especiais no sistema educativo ordinario. Malia ser certo que este movemento propiciou un cambio moi importante no panorama educativo dese momento, tamén o é que durante o seu desenvolvemento os cambios que se requirían na organización dos centros, no currículo ou nas estratexias de ensino-aprendizaxe, non se produciron como cabería agardar.

Por este motivo, o movemento da inclusión propón que sexan revisados o funcionamento dos centros e as prácticas existentes nestes. De igual forma, suxire que as diferenzas individuais, inherentes ás características diversas do alumnado, se consideren como unha oportunidade para cambiar a organización dos centros e enriquecer os procesos de ensino-aprendizaxe, de maneira que a educación chegue a todos. Postúlase como “el

medio más efectivo de combatir las actitudes discriminatorias, creando comunidades de bienvenida, construyendo una sociedad inclusiva y alcanzando la educación para todos; además, proporciona una educación eficaz para la mayoría de los niños, mejora la eficacia y, en último término, la relación coste-efectividad de todo sistema educativo” (UNESCO. Declaración de Salamanca, 1994, XI). Isto implica, indubidablemente, crear ambientes de aprendizaxe no que todos os nenos poidan aprender, sexan cales sexan as súas características.

A educación inclusiva debería considerarse, así mesmo, como “una actitud, un sistema de valores, de creencias, no una acción ni un conjunto de acciones [...]. Se centra, pues, en cómo apoyar las cualidades y las necesidades de cada alumno y de todos los alumnos en la comunidad escolar, para que se sientan bienvenidos y seguros, y alcancen éxito” (Arnaiz 1996, 27-28).

Como se desprende destas definicións, a educación inclusiva require

## A educación inclusiva pretende a aprendizaxe de todos os nenos, mozos e adultos, facendo especial fincapé naqueles estudantes que son vulnerables á marxinación e á exclusión

pensar na heteroxeneidade do alumnado como unha situación normal do grupo/clase. Isto leva consigo poñer en marcha unha planificación educativa conforme, que lles permita utilizar aos docentes distintos niveis instrumentais e actitudinais, así como recursos intrapersoais e interpersoais que beneficien a todos os alumnos. Defende o paso da educación segregada a un sistema inclusivo, caracterizado por unha aprendizaxe significativa e centrado no estudante. Sería a transformación dunha sociedade e un mundo intolerante e temeroso, que acolla e celebre a diversidade como algo natural (Arnaiz, 2003).

Reivindica logo unha acción educativa que responda do xeito máis eficaz á diversidade de todos os alumnos. Este punto de vista deu lugar a unha serie de modelos, como a escola especial feita normal, a escola efectiva para todos, a escola “adhocrática”, a escola heteroxénea ou a escola inclusiva. Todos eles, modelos que se apoian na crenza de que é posible identificar un conxunto de características organizativas que tenden a facer as escolas máis ou menos inclusivas.

A UNESCO (2007) formulou no ano 2000 un programa de accións e o seu sistema de seguimento, denominado

“Educación para todos”, dirixido a posibilitar que sexa unha realidade o que reza no título no ano 2015. Os seis obxectivos que establece para conseguilo son:

1. Estender e mellorar a protección e educación integrais da primeira infancia especialmente nos nenos e mozos máis vulnerables e desfavorecidos.
2. Velar para que no 2015 todos os nenos, e sobre todo as nenas, que se atopen en situacións difíciles, e os que pertencen a minorías étnicas, teñan acceso a un ensino primario gratuito e obrigatorio de boa calidade, e o rematen.
3. Velar porque sexan atendidas as necesidades de aprendizaxe de todos os mozos e adultos, mediante un acceso equitativo a programas de aprendizaxe axeitados para a vida diaria.
4. Aumentar, de aquí ao ano 2015, un 50% os niveis de alfabetización dos adultos, en particular das mulleres; e facilitarles a todas as persoas, máis alá da etapa de escolarización obrigatoria, un acceso equitativo á educación básica e á educación permanente.
5. Mellorar todos os aspectos cualitativos da educación, garantindo os parámetros máis elevados, para conseguir resultados de aprendizaxe recoñecidos e mensurables, especialmente en lectura, escritura, aritmética e competencias prácticas esenciais para a vida diaria.
6. Conseguir a paridade e a igualdade entre sexos.

Como se pode observar, a educación inclusiva pretende a aprendizaxe de todos os nenos, mozos e adultos, facendo un especial fincapé naqueles estudantes que son vulnerables á marxinación e á exclusión.

### Procesos que facilitan o desenvolvemento de sistemas educativos máis inclusivos


En opinión da UNESCO (2003), a

pobreza, a etnicidade, a relixión, a minusvalía, o xénero, ou a pertenza a un grupo minoritario, pode limitar o acceso á educación, ou producir procesos de marxinación nesta. Non obstante, as consecuencias culturais, sociais e económicas destes factores non son sempre as mesmas, senón que dependen das decisións que rexen a política educativa, e do funcionamento dos centros. Así, por exemplo, un ensino de baixa calidade, unha débil organización da escola, ou un currículo irrelevante poden contribuír a aumentar a marxinación e a exclusión.

## Un sistema inclusivo favorece a aprendizaxe significativa, centrada no estudante, á vez que acolle e celebra a diversidade como algo natural

A comunidade educativa e os responsables da política social, económica e educativa, tanto no eido local como rexional e nacional, teñen que ter entón un rol activo, e promover a atención á diversidade, de maneira que os centros poidan evolucionar da exclusión á inclusión. O desenvolvemento de políticas inclusivas nacionais, de sistemas de apoio locais, e dun currículo e formas de avaliación apropiados son importantes, se se queren crear contextos que propicien o desenvolvemento da inclusión. Á súa vez, a implantación de sistemas educativos máis inclusivos será posible, sempre que as escolas se comprometan a traballar nesta liña.

Se a inclusión significa incluír mozos e adultos con minusvalía e/ou dificultades



de aprendizaxe na sociedade, as escolas inclusivas deben axudar ao desenvolvemento de comunidades, no que todas as persoas se valoren por igual e teñan as mesmas oportunidades de participación. Todo iso debe significar un proceso en marcha, non un estado fixo: nenos e mozos con minusvalía aprendendo xuntos dende a educación infantil ata a universidade, con redes de apoio apropiadas, e capacitar os estudantes para participar na vida e no traballo dos centros de educación regular. Está claro que neste marco se necesitan contextos de aprendizaxe máis ricos e flexibles que

**Un ensino de baixa calidade, unha débil organización da escola, ou un currículo irrelevante, poden contribuir a aumentar a marxinación e a exclusión**

contemplan a diversidade como unha forza positiva que debe ser recoñecida, celebrada e atendida.

Requírense, por conseguinte, escolas que se aparten da aprendizaxe memorística e que resalten aspectos prácticos, baseados na experiencia e na aprendizaxe activa e cooperativa. Entre eles habería que salientar, segundo a UNESCO (2003), a necesidade de superar obstáculos nos centros cando deciden iniciar procesos de cambio que conducen cara a formulacións máis inclusivas. Procesos que deberían estar integrados nos proxectos educativos como parte da misión dos centros, e estar liderados por un grupo fortemente comprometido co cambio. Outras accións imprescindibles serían o apoio ao profesorado, o establecemento de procesos de ensino-aprendizaxe flexibles, e acordos ás habilidades e intereses dunha poboación tan heteroxénea como a que hoxe en día está escolarizada nos centros, e a formación de toda a comunidade educativa.

Trátase, en definitiva, de garantir que a transición cara á educación inclusiva non sexa considerada como un cambio técnico ou un mero cambio arquitectónico, senón como un movemento cunha clara dirección filosófica que asegure actividades educativas con enfoques comprensivos, e considere as necesidades dos grupos,

normalmente, marxinados e excluídos. Neste sentido cómpre construír políticas gobernamentais e sistemas organizativos a prol da educación inclusiva, a definición e o desenvolvemento de indicadores para a inclusión, así como a diseminación de informacións e ideas que estimulen o diálogo acerca da diversidade e o dereito a unha educación para todos no século XXI.

#### **Bibliografía**

ARNAIZ SÁNCHEZ, P. (1996) Las escuelas son para todos. *Siglo Cero* 27 (2) 25-34.

ARNAIZ SÁNCHEZ, P. (2003) *Educación inclusiva: una escuela para todos*. Málaga, Aljibe.

DELORS, J. (1996) *La educación encierra un tesoro*. Madrid, Santillana- Ediciones UNESCO.

UNESCO (1994) *Declaración de Salamanca y Marco de acción ante las necesidades educativas especiales*. París, UNESCO.

UNESCO (2003) *Overcoming Exclusion through Inclusive Approaches in Education. A challenge & A vision*. París, UNESCO.

UNESCO (2007) *Educación para todos en 2015 ¿Alcanzamos la meta?* París, UNESCO.